

15 SUSPIROS EN ENDILAND

SUSPIRO I

Foi a noite en Endiland,
foi o día e a tardiña
ninguén chorou
choramos todos
e a brisa cuspía nos ollos.

SUSPIRO II

Foi a morte en Endiland
calou o corvo
falaron os mortos
non houbo eternidade
non houbo milagres
falaron os mortos
e riron e riron.

SUSPIRO III

Cando a nosa terra de Endiland ollou a batalla e a guerra infestada de aldraxe noxo loucura botou a correr a nosa terra e nós tras dela nós nós e o inmenso cheiro aborrecido da miseria inxusta implacable miseria miseria Endiland botou lume acedo salvaxe lume negro escuridade e merda inhumana ou humanos demos cando a nosa terra ollou o seu soño amputado pensou no medo calafrío costas coitelos Endiland entón rexenerou a amputación perversa e foi o que suspiramos.

SUSPIRO IV

Houbo quen soñou nubes en Endiland, nubes de cores e cores de nubes
e houbo quen durmiu sen soñar sen nubes sen cores
e houbo sonos por sempre interrompidos
Endiland descansa e ás veces soña.

SUSPIRO V

Bágoas en Endiland para ti e para min, salgados roibéns inexistentes na mañanciña, escumas roubadas a perdidos arcos da vella, vellas imaxes de caras rebeladas, novas revelacións da loucura, tristeza infinita nos ollares doentes, órbitas oculares machucadas pola presión asfixiante, ollos húmidos, vellos ollos novas bágoas en Endiland.

SUSPIRO VI

As árbores de Endiland son todas azuis
falan en idiomas con fermosos sons
mais incomprensibles para nós, non azuis,
falan entre elas falan connosco
como agardando unha ventá
pola que coarse nos nosos pensamentos
o azul invade os nosos campos
e os murmurios das árbores tamén
mentres os nosos cerebriños fan o enésimo esforzo
tentando entender a linguaxe do misterio
daquelas ramas azuis no aire saudando
daqueles azuis troncos imponentes
daquelas azuis raíces na profundidade
daquel secreto perseguido.

SUSPIRO VII

Os deuses morreron en Endiland coa súa arrepiante cara de incredulidade fe esperanza caridade ceos infernos promesas e mandatos porcós vacas sagrados crucifixos cristo alá buda e outros tantos morreron pouco a pouco en Endiland cara arrepiante fanatismo mortal de morte morreron de cansazo e tristura nas xentes de Endiland non soterrados os seus cadáveres para non corromper terra azuis árbores si cadáveres queimados no medio dos nosos outros máis terribles erros cinzas que semellan inocencia foron falsa pureza escura e cruenta, Endiland cre nos soños imposibles cre na traizón e o engano cre na miseria e na xustiza na inxustiza na fermosura beleza fealdade subxectiva Endiland ten fe no maldito ser humano ten fe ten fe, Endiland, morreron os deuses trocou a moeda agora tócanos a nós morrer malévolos escravos ou gloriosos libres. Ningún deus terá en Endiland a derradeira palabra.

SUSPIRO VIII

Hoxe o ceo en Endiland é invisible e quente.

O ceo en Endiland é invisible e quente.

O ceo en Endiland é invisible e quente.

O ceo en Endiland é invisible e quente.

O ceo en Endiland é invisible e quente.

O ceo en Endiland. Hoxe.

SUSPIRO IX

¿Sabes dicir adeus e non voltar máis? ¿Sabes do que falamos cando dicimos adeus? Adeus para sempre, ¿notas ti tamén a ausencia final? Adeus a quen máis amas, adeus compartido desamor definitivo. ¿Sabes o que é perder a esperanza do único desexado? Aquel sentimento exclusivo que che podía salvar a vida, facer vivir, aquel único desexado amor desesperado, ¿sabes o que digo?, ¿ves o ceo invisible en Endiland?, invisible como a dor máis terrible o derradeiro desconsolo a morte en vida o suicidio interno o adeus, meu amor, meu amor, para sempre. Ti non me queres eu sen ti non vivo. ¿Ves o ceo invisible e quente en Endiland? Así sangramos polo corazón aquí, Endiland desacougo, ¿sabes o que che digo, verdade? Ti, ti, ti, invisible, coma o noso ceo.

SUSPIRO X

Ceguei a Endiland coas mans tremendo e o suor frío, ceguei a Endiland atravesando os diamantes da mente enferma, ceguei a Endiland cun fío de vida, ceguei a Endiland porque aínda non quería dicir adeus a todo tan cedo. Ceguei a Endiland, xa o vedes, na procura da salvación.

SUSPIRO XI

A noticia percorreu todas as terras de Endiland atravesándoa como un coitelo frío nas costas: “Perdeuse un suspiro”.

SUSPIRO XII

Camiñamos día e noite no medio desta invisible e azul Endiland, todos os recunchos, todos os vales montañas cada cacho de terreo foi tocado pescudado rabuñado sentido polas nosas mans as nosas uñas xa negras os nosos dedos impacientes día e noite noite e día día e noite noite sen nubes soñadas sen roibéns matutinos noite e día buscamos sen cesar aquel suspiro perdido, buscamos e buscamos e buscamos no medio da dúbida que comezaba a medrar no noso peito, dúbida, dúbida ¡marcha xa! ¡marcha xa!, no medio da ansia que nos comía, ¡ansia, ansia, marcha xa!, no medio da anguria e o medo que comezaban a devorar as nosas vidas, ¡fodida anguria, fodido medo, marchade xa, marchade xa, marchade xa, fillas e fillos do maldito negrume que mata!, Endiland baixo sospeita, Endiland acurrallada, Endiland día e noite noite e día atravesada ata que unha uñas sanguentas acariñaron no seu pequeno niño ao perdido suspiro.

SUSPIRO XIII

Endiland suspirou e nós con ela e entón recobramos a utopía.

SUSPIRO XIV

A utopía é crer que aínda hai Endiland para todas e todos nós. A terra onde os suspiros son máis importantes que case todo aquilo enfermizamente ansiado noutras terras. Máis importantes que eses sucios cartos, que ese resplandecente coche, que esa imperial casa, que ese escravo traballo, ese escravo aire, ese escravo soño, ese escravo non ser, non querer, non facer, non poder, ese escravo apampamento, ese escravo non soñar no imposible, nos ceos invisibles nas árbores azuis nos suspiros sempre perseguidos. A utopía existe, a utopía é Endiland e eu fun ata alí medio morto, tamén escravo, tamén sucios cartos coches casas traballos parabólicas e aires viciados, si, eu tamén, coma vós, eu tamén fun vencido pola negación da utopía, fun vencido e caín no fondo na miseria de espírito mais erguín os ollos e logo o corpo enteiro e os meus pés cansos escravos comezaron a camiñar sós os meus pés amables leváronme ata o limiar da utopía e entón crin porque ollei, crin porque cheguei, crin na utopía certa, palpable, real, crin no suspiro de todas e todos aflixidos servos antes, aflixidos, sempre aflixidos, crin en Endiland ante min e ela agradecida creu en min.

SUSPIRO XV

Bendita sexas, Endiland. Bendita sexas.